

Criterios de avaliación do exame

A cualificación global do exame distribúese do seguinte xeito:

1ª parte.- a cualificación máxima será de **6** ptos.: **3** para o comentario e **3** para a cuestión proposta.

No comentario valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía).

A avaliación da cuestión teórica farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición.

Tanto no comentario como na cuestión, terase tamén en conta a corrección expresiva e gramatical.

2ª parte.- a cualificación máxima será de **3** ptos.

A avaliación da cuestión teórica farase —coma no caso anterior— en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

3ª parte.- a cualificación máxima será de **1** pto.

Cada unha das catro breves respostas (nome do filósofo; título da obra) terá unha cualificación máxima de **0,25** ptos.